

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/8	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo de convocatoria:

Extraordinaria

Motivo: «Adxudicación do expediente de contratación de "Saneamento en Entenza" e outros.»

Data:

31 de xullo de 2025

Duración:

Desde as 20:33 ata as 21:54 horas

Lugar:

Salón de plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SI
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
***9999**	Iván Lorenzo Rodríguez	SI
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SI
***0765**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SI
***9888**	José Luis Fernández Pérez	SI
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SI
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SI
***1083**	Salustiano Guerra García	SI
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SI
***7850**	Selene González Luis	SI
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SI
***7909**	Óscar Domínguez Sequeiros	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

Toma de posesión como concelleiro de Óscar Domínguez Sequeiros

Pola **Sra. Secretaria** conforme ao artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos/as concelleiros/as electos/as, procédese á toma de xuramento ou promesa ao Sr. Olmo Vaqueiro, utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e función públicas.

Sr. Domínguez Sequeiros: Xura e promete o cargo de concelleiro e toma posesión do mesmo.

Sra. Alcaldesa: Noraboa, porque eu creo que é unha honra representar sempre a veciñanza, douche a benvinda no meu nome e no nome do meu grupo, Movemento Salceda, non teño ningunha dúbida de que vas ser un bo concelleiro, a ti non te coñezo pero á túa familia si, sei que es leal aos teus principios socialistas e sobre todo a Salceda, téndoche a man como Alcaldesa para chegar a acordos polo obxectivo común que temos que é o avance do noso pobo. Por iso, ademais, quero deixar constancia de que neste intre o Partido Socialista non conta cunha portavocía definida, acabas de incorporarte, é certo que a experiencia política tamén é limitada pero estou segura de que, incluso sen esa experiencia política, tes a mellor das intencións para conseguir chegar a acordos. Considero, por todo isto, oportuno a retirada do punto da orde do día de aprobación dos orzamentos, sinxelamente para que como novo membro poidas estudar o documento polo miúdo, sei dos teus compromisos laborais, a túa escaseza de tempo nestas semanas e creo que o xusto con este concelleiro, contigo, non sería así co PSOE de Salceda co cal levamos negociando os orzamentos nos últimos catro meses nas que as súas peticións todas e cada unha se ven reflectidas no documento de orzamentos 2025. Mantivéronse sete reunións, a última o pasado mércores día 10 de xullo, antes da convocatoria desta sesión plenaria, a ter tamén en conta que tanto desde a Secretaria do PSOE de Salceda como do seu portavoz naquel momento, Xurxo, manifestaron que existía intención de acordar os orzamentos, de que xa estaba o acordo sobre a mesa; pero por respecto, como digo, ao novo Concelleiro retiro da orde do día o segundo punto que era a aprobación inicial do orzamento para o exercicio 2025, agardando que poidas estudar o documento e facer as aportacións que consideres.

Sr. Rodríguez Davila: En nome deste grupo maioritario, Óscar, dámosche a benvinda a esta Corporación municipal. Como ben se dixo, e teño manifestado moitas veces, é de valorar e de agradecer aos veciños que en cada unha das candidaturas se presentan as institucións municipais, ás veces os veciños de a pé non valoran que veciños estean dispostos a dar a cara por diferentes formacións políticas, sen eles, sen nós, a xente non tería a quen dar o seu apoio e polo tanto non terían representación nesta institución democrática como é o Pleno municipal de Salceda de Caselas. Polo tanto desexarche os mellores dos acertos, que defendas o interese xeral e ás veces a ideoloxía hai que deixala ao lado e pórse do lado dos veciños e sobre todo do interese xeral que é o importante. Polo tanto, noraboa, parabéns e moitos acertos.

Sr. Rodríguez Canosa: Súmome as palabras que xa pronunciou a Alcaldesa, darche a benvinda. A verdade é que dá gusto cando se incorpora un concelleiro novo, ver caras novas, non é



doado para a xente moza iniciarse nisto da política municipal, pero sei que vés coas mellores das intencións: loitar polos veciños e veciñas de Salceda e para facer o maior ben común posible.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Grazas por unirte ao grupo e grazas por acompañarme.

Sr. Guerra García: Benvido ao traballo municipal e esperamos moito de ti, paréceme que todos non só os do teu grupo.

Sra. Alcaldesa: Gustaríame que gardásemos un minuto de silencio, primeiro a intención é darlle a palabra á concelleira de área de Benestar; pero creo que se fai necesario sumarnos a esa dor pola morte de Teresa, traballadora do SAF do Porriño, que nos encolleu a todos o corazón, que algo non se está facendo de todo ben, creo que é necesario unión e medidas contundentes.

Sr. González Luis: Como ben acaba de mencionar Loli, esta semana vivimos unha terrible noticia, creo que das peores das que se poden vivir: o asasinato de Teresa, unha muller, unha profesional, de tan só 48 anos de idade, mentres realizaba o seu traballo. Hai 4 meses, o 9 de marzo, foi asasinada unha educadora social, Belén, un muller, unha profesional, de tanto só 35 anos de idade, mentres realizaba o seu traballo. Ambos os dous asasinatos a mans de homes. A auxiliar de axuda a domicilio e a educadora social son persoas que realizaban traballos diferentes, con colectivos diferentes e con formacións diferentes; pero ambas as dúas eran mulleres, ambas as dúas tiñan unha profesión feminizada e precarizada, ambas as dúas estaban soas no seu posto de traballo e ambas as dúas estaban completamente desprotexidas. Mañá ás 12:00 h, na porta do Concello, unirémonos ao minuto de silencio convocado en solidariedade con Teresa e con toda a súa familia e achegados aos que non podemos máis que intentar entender esa dor tan grande que deben están sufrindo. Reivindicamos melloras das condicións laborais no eido do social, a unión das administracións para aumentar recursos, recursos necesarios que permitan que as mulleres do social poidan traballar con seguridade, que poidamos traballar con profesionalidade e que poidamos garantir o noso benestar mentres desenvolvemos as nosas profesións; pero tamén o benestar das persoas usuarias, o benestar dos menores e das menores que estaban no piso tutelado onde Belén traballa e que tiveron que vivir ese terrible asasinato, e na vivenda da muller que Teresa coidaba mentres o seu home asasinaba a súa coidadora. Sen recursos é imposible realizar os traballos, estamos soas, estamos indefensas, e soportamos cousas que ninguén na súa vida ten que soportar e moito menos cando realiza o seu traballo.

Gárdase 1 minuto de silencio.

Sr. Rodríguez Davila: En situacións como esta poucas palabras valen ou poden valer para rectificar, salvar vidas ou cambiar a historia recente en casos como o que se acaban de comentar, polo tanto manifestar a nosa total repulsa, tal e como se trasladou a través das redes, como vimos facendo sempre, creo que nisto non hai discusión ao respecto. Lamentablemente e desgraciadamente estas cousas suceden, que non deberían loxicamente, oxalá que non volva a suceder; pero a mente humana ás veces é como é, lamentablemente. Polo tanto, tristes, a nosa dor compartida coa familia e os achegados e oxalá que sexa a última que teñamos que recordar.



Sr. Gregorio Vaqueiro: A nosa máis enérxica repulsa. Comentar que tamén, por casualidade, hai uns meses denunciáramos a agresión a unha traballadora do SAF de Salceda neste Pleno, isto dános a entender que, probablemente, coma sempre, vemos a punta do iceberg, probablemente, realmente haxa bastantes máis agresións e situacións incómodas para as traballadoras do servizo ao fogar que o que realmente acaba saíndo. Polo tanto, penso que si é necesario protocolo e moitas veces entendo que haberá que saber, á parte da persoa a que a traballadora do servizo ao fogar vai, ao final tamén haberá que controlar con quen vive, en que situacións están e determinados factores; aínda que, coma sempre, son cousas que por desgraza son incontrolables, é imposible unha efectividade do cen por cen. Simplemente, a nosa repulsa e agardar que non volva suceder.

Sr. Guerra García: Repito unhas palabras que onte unha compañeira da CIG dixo na praza do Concello do Porriño: Teresa necesita menos minutos de silencio e máis berros para que non haxa próximas Teresas, berros que exixan dunha vez protocolos que garantan que aquí se acaba dunha vez coa precariedade do persoal do servizo de atención no fogar, porque é precario en todos os aspectos e non son só as empresas as que teñen a responsabilidade senón tamén as administracións das que dependen o servizo.

Sra. Alcaldesa: Selene, a concelleira e todos e cada un de vós fostes claros, hai solucións, protocolos e sobre todo maiores recursos para evitar estas situacións de vulnerabilidade. É fundamental que as administracións se unan e teñan claro que son necesarios os recursos para que este sector precario deixe de selo.

Expediente 938/2025. Aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2025	
Non hai acordo	Retirado da orde do día

O presente punto é retirado pola Alcaldesa da orde do día.

Expediente 1700/2025. Aprobación de Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 6, Abstencións: 1, Ausentes: 0 (APROBADO EN 2º VOTACIÓN, VOTO DE CALIDADE)

Sr. Rodríguez Canosa: Traemos este Recoñecemento extraxudicial de crédito número 4 ao pleno, xa se debateu en varias ocasións este REC. A figura desta ferramenta xa a coñecemos, trátase de incorporar no novo orzamento unhas partidas e facturas que quedaron sen pagar no anterior por non haber crédito ou por non entrar esas facturas no mesmo ano. Neste caso falamos de 1.131.195,93 € e divídese en diferentes listaxes, por un lado temos as facturas do ano 2024 por importe de 926.357,55 €, tamén facturas do ano 2025, facturas que se



rexistraron no ano 2025 referentes a 2024, por importe de 144.443,46 €; tamén facturas correspondentes a proxectos e subvencións do ano 2024 por importe de 12.502,84 €; unha partida de investimentos de 36.922,90 € e despois outras que non son facturas senón que son outras cousas, por exemplo o Convenio coa Comunidade de Montes de Entenza para o uso da aula unitaria de 2.133,20 € e pago dos órganos colexiados de 3.306,78 € e dos grupos municipais de 5.529,20 €, estes dous últimos listados son referentes ao segundo semestre de 2024. Recordar, tamén, que tratamos aquí do REC máis baixo dos últimos anos, reducimos á metade o anterior recoñecemento extraxudicial de crédito. Moito se falou neste pleno de contención de gasto, de minorar gastos superfluos, o labor e o traballo de contención do gasto deste goberno está sendo moito e está sendo efectivo, e de aí que se no 2024 falabamos de 2.043.000 € de REC, se no ano 2023 falabamos de 2.500.000 €, este ano 2025 falamos de 1.100.000 € de REC, penso que é unha redución considerable e non fan falta máis que os números para explicalo. Dentro do listado destas facturas hai grandes bloques de distintos conceptos, por exemplo de enerxía eléctrica son 113.606 €, en limpeza 263.149 €, en combustible 16.000 €, tamén en mantemento de parques e xardíns vanse 72.000 €, e unha das máis altas que é a xestión de residuos son 215.852 €, tras o famoso sabrazo que SOGAMA nos cravou a todos e ante a imposibilidade de subir ingresos. Tamén agradecer o enorme traballo realizado no departamento de Intervención, tanto para o REC como para elaborar o orzamento que se traerá máis para adiante, non é un traballo de dous días senón de moitas semanas, moitos listados que comprobar, moitas facturas que comprobar polo tanto quero agradecer o traballo realizado.

Sr. Núñez Troncoso: Darlle a benvinda ao compañeiro Óscar, aínda que é certo que entrou vostede nun terreo de areas movedizas dentro do seu grupo. Voulle dar un consello: priorice os intereses dos veciños antes do partido.

Temos un recoñecemento extraxudicial que, conxuntamente co que se aprobou anteriormente, forman un total de 1.243.000 € de facturas que deixaron sen pagar do ano 24. Isto é unha mostra máis da xestión do goberno, como dicía o concelleiro Álex no último pleno, alardeaba da xestión do goberno do orzamento. Pois, mire, esta é unha mostra máis da mala xestión deste goberno. Desde febreiro do ano 23 puxéronse as facturas a “cero” e en ano e medio partimos de cero e xa teñen vostedes pendentes de pago 1.243.000 €, e non o dicimos nós sos, vemos o informe de Intervención e é contundente. Di a señora Interventora municipal: “as facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupan carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto.” Segue dicindo a señora Interventora: “Cómpre, en fin, sinalar que se dan por reiterados neste punto os reparos emitidos por esta Intervención respecto de distintos gastos de carácter reiterativo e que fan referencia, en especial, á carencia de contratos para servizos ou subministrados que, pola súa natureza e carácter reiterado, non poden ser considerados como contratos menores”, ou sexa, incumprimento da Lei de contratos, fraccionamento de contratos; segue dicindo a señora Interventora municipal: “Por último, advírtese de que a existencia de facturas sen tramitar ata o día da data, determina, ademais de todo o anterior, o incumprimento da orde de prelación de tramitación de expedientes establecido pola Lei 39/2015, sen que se xustifique adecuadamente o motivo da alteración”, isto non é cuestión de subvencións que hai que pagalas antes, pono claramente: “sen motivo evidente”. Reparos suspensivos. Que quere o dicir isto? Pois que non procede seguir coa tramitación deste expediente mentres non se

resolvan os trámites omitidos no procedemento. A señora Interventora o pon ben claro, con maiúsculas e en letra grosa, “reparos suspensivos”. Alá cada un que queira levantar ese reparo, alá cada un coa súa responsabilidade. Dito isto, o pago das facturas que aquí trae o Goberno non é competencia deste Pleno. Cando pasa a ser competencia deste Pleno? Cando a alcaldesa e concelleiro de área incumpren cos provedores ao contratar servizos e traballos sabendo que non teñen os cartos para poder pagarlle, pero o que incumpre cos provedores é a alcaldesa e concelleiro de área, ningunha responsabilidade teñen os grupos que estamos aquí na oposición con estas facturas porque nin nós contratamos os traballos nin nós adxudicamos a dedo ningún traballo de ningunha obra ou servizo. Polo tanto, a responsabilidade é única e exclusiva do goberno. É o que se pretende con isto é derivar a responsabilidade aos grupos da oposición, iso é o que pretende a alcaldesa e iso non é así, a responsabilidade é da alcaldesa e do concelleiro de área que trataron cos traballos e os servizos.

A nosa posición: queremos deixar claro que este grupo non vota en contra de pagarlle aos provedores, nin ás empresas, porque eles non teñen a culpa, a maior parte, algúns o saben do tema, pero a maior parte descoñecen. De feito entran por Rexistro numerosas peticións de que se lle aboe as facturas que hai pendentes, rexistros escritos dirixidos á señora Alcaldesa como responsable dos pagos deste Concello. Polo tanto, nós mantemos a mesma liña que ata agora, este tipo de barbaridade de recoñecementos non se pode admitir.

Sr. Gregorio Vaqueiro: O REC, xa levamos dito desde este grupo que é unha forma de actuar que se debe irse limitando ao máximo e eliminando, por iso o noso interese en que os futuros orzamentos se adecúen o máis posible ao gasto real, aos ingresos reais e ás necesidades reais. Como isto é xa a terceira vez que se debate, tampouco hai moito máis que engadir.

Sr. Guerra García: Como acaba de dicir o voceiro do Partido Socialista, xa é a segunda ou a terceira vez que temos o debate sobre este mesmo punto, nós mantémonos na mesma posición, estamos totalmente desconformes co xeito de levar as cousas. Agora, o que tamén temos claro é que os provedores de servizos non poden deixar de cobrar.

Sr. Rodríguez Canosa: O bo disto é que para redactar a acta xa poden copiar a anterior porque Joaquín, ao final, ten o mesmo discurso de sempre, *erre que erre*. Insisto, como dicían tanto o Partido Socialista coma o grupo mixto, xa se debateu en varias ocasións, aquí trátase de pagarlles ás empresas e aos provedores por obras e servizos que están realizados. Ao final, o PP tanta escusa dicindo que o que non queren é pagar, ao final van ensinando a saia. Aquí trátase de pagarlles a empresas que realizaron as obras e servizos e o PP decidirá se está a favor disto ou en contra.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Alejandro, di vostede que nos temos o mesmo discurso, o expediente é exactamente o mesmo, vostede dixo exactamente o mesmo que o que dixo hai catro ou cinco meses. Ninguén está poñendo en dúbida se os traballos están feitos ou non, aquí o debate é quen é o responsable de encargar traballos, subministros, sabendo que non lle pode pagar en tempo e prazo. Lémbrolle que a Lei pon 30 días. Quen é o responsable, o PP? Eu creo que non. Nin nós encargamos os traballos nin os servizos. Vostede é un dos responsables, vostede, porque tiña que dicirlle ás empresas e provedores cando lle van pagar. É certo que algúns, poucos, saben da manobra, pero outros non. E repito, aí están os escritos que entran por Rexistro reclamando a débeda e non van dirixidos ao PP, van dirixidos á señora Alcaldesa e a



vostede, para que lle paguen os traballos que vostedes lle encargaron, non este grupo.

Sra. Alcaldesa: Que facturas vostede non pagaría dese REC? Encantaríame saber cales deixaría fóra. A que provedores ou persoas autónomas deixaría fóra sen pagar habendo crédito para facelo? Encantaríame saber a resposta. “Vostedes contratan a dedo”, di, “vostedes non controlan os servizos”, eu creo que non se está analizando o problema de fondo de por que Salceda ten este REC e é precisamente pola falla de financiamento, necesitamos máis ingresos posto que prestamos moitísimos máis servizos. Vostedes fan outras cousas, como a Lei Montoro, o teito de gasto e todo o que está saíndo do que fan os ministros, beneficiando a bancos, a empresas privadas, a eléctricas, todo o que estamos descubrindo este días. Ese é o debate de fondo: o financiamento do Estado aos concellos que nos teñen asfixiados, absolutamente asfixiados, incluso pónonos teitos de gasto. Claro, o resultado é este. Porque nós somos responsables coa veciñanza e os servizos hai que seguir prestándoos, si, efectivamente, e os traballos hai que seguir facéndoos, si, efectivamente. Por iso somos goberno, porque os veciños e veciñas teñen o dereito de ser atendidos, ese é o debate de fondo, non é outro. Tamén me gustaría saber que empresas pediron a execución do pago de facturas, porque dixo numerosas peticións, quero saber cales son, dígame os nomes, por favor. Quero saber cales son esas numerosas empresas que exixen a petición de pago. Non vale que o argumento sempre sexa o mesmo: “a culpa non é dos provedores, a culpa é do concelleiro e da alcaldesa”. Non. Vostedes teñen representación nesta sesión plenaria e aquí se vota a favor ou non de pagar ás empresas proveedoras e ás empresas autónomas polos servizos que fixeron. Non carguen a responsabilidade sobre os demais. As empresas proveedoras saben quen vota a favor ou non de pagarlles. Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 50.12 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais establece que lle corresponde ao Pleno acordar o recoñecemento extraxudicial de créditos como tamén así o establece o Tribunal de Contas en informe 1.415 cando se trate de obrigas procedentes de gastos indebidos.

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2025-0141 coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD legislativo 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

En atención ao exposto, o Pleno da Corporación, por 6 votos a favor (4 de MS e 2 do PSdeG-PSOE), 1 abstención (1 do Grupo Mixto-BNG) e 6 votos en contra (6 do PP), dirimindo o empate



en segunda votación o voto de calidade da Sra. Alcaldesa, adopta o seguinte
ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2025 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 389/2025, facturas correspondentes a gastos do exercicio 2024 así como as presentadas de xaneiro a abril do presente ano 2025, e que non puideron ser tramitadas con cargo ao Orzamento de gastos do exercicio 2024, ao cal corresponden, así como a cantidade correspondente ao ano 2024 derivado do convenio para a xestión do edificio da antiga Escola de Entenza, a asignación a grupos políticos do segundo semestre de 2024 e asistencias a órganos colexiados do segundo semestre de 2024, ascendendo a un total de 1.131.195,93 euros, para os efectos de dar a estes a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2025; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva do orzamento para o ano 2025 tramitado no expediente 938/2025. Co cal, de non aprobarse o orzamento para o exercicio 2025, non podería aprobarse o REC 4/2025 illadamente, posto que non existiría crédito axeitado e suficiente no orzamento prorrogado do ano 2022.”

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta dá como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do concelleiro do grupo mixto-BNG (1).

2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta, esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN do concelleiro do grupo mixto-BNG (1), dirimindo o empate ao voto de calidade da alcaldesa, polo que se adopta o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2025 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 389/2025, facturas correspondentes a gastos do exercicio 2024, así como as presentadas de xaneiro a abril do presente ano 2025, e que non puideron ser tramitadas con cargo ao Orzamento de gastos do exercicio 2024, ao cal corresponden, así como a cantidade correspondente ao ano 2024 derivado do convenio para a xestión do edificio da antiga Escola de Entenza, a asignación a grupos políticos do segundo semestre de 2024 e asistencias a órganos colexiados do segundo semestre de 2024, ascendendo a un total de 1.131.195,93 euros, para os efectos de dar a estes a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2025; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva do orzamento para o ano 2025 tramitado no expediente 938/2025. Co cal, de non aprobarse o orzamento para o exercicio 2025, non podería aprobarse o REC 4/2025 illadamente, posto que non existiría crédito axeitado e suficiente no orzamento prorrogado do ano 2022.



Expediente 647/2025. Adjudicación do expediente de contratación da obra contemplada no proxecto de obras denominado “Saneamento en Entenza”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Troncoso Estévez: Neste punto da orde do día traemos a aprobación a adjudicación do expediente de contratación da obra contemplada no proxecto de saneamento en Entenza. Por fin. Sei que moitos veciños e veciñas estades desexando, e nós tamén, que arranquen as obras do saneamento. Un expediente que comeza o 21 de novembro de 2024, finais do ano pasado, coa aprobación do proxecto en Pleno, un proxecto denominado “Saneamento en Entenza”. Un proxecto que ascende a 875.000 € e trouxemos a aprobación en Pleno porque foi cando nos decatamos de que a Deputación ía abrir unha nova vía de financiamento, que é o Plan Extra, Plan Provincia Extraordinaria, e que posteriormente o 7 de marzo de 2025 tivemos a boa nova de que se nos concedeu esta subvención por importe de 700.000 €, que completariamos con eses 175.000 € con cargo ao Plan Máis Provincia. O 24 de abril trouxemos a aprobación ao Pleno o expediente de contratación e escasos días despois, o 30 de abril, abriuse a convocatoria de licitación a través da plataforma de contratación pública de Galicia. O prazo final de presentación das ofertas foi o 3 de xuño, houbo unha pequena alegación por parte da Federación Galega de Construción porque había un defecto nos pregos, emendouse e ampliouse ese prazo. O resultado foron 14 ofertas, 14 empresas interesadas en realizar a obra de saneamento na parroquia de Entenza. Os criterios de adjudicación foron o prezo máis baixo, contaba 10 %; as melloras, que eran máis treito de saneamento, contaban un 80 % e os prazos da garantía da obra, que puntuaban dun 10 %. Destas 14 ofertas faise un baremo, unha ecuación moi complexa que consiste en facer unha media de todas as ofertas que se fan e as que quedan por debaixo de ese importe incorren nunha baixa temeraria. Pois houbo dúas empresas que incorreron nesa baixa e déuselles un prazo para emendar, xustificar o porqué desa baixa. Unha delas, os informes técnicos consideraron que non se garantía a solvencia da empresa nas características tanto de calidade, capacidade técnica da empresa e os antecedentes e as experiencias, un informe técnico contundente que deixa bastante claro que esta empresa non se garantía a xustificación e a mesa de contratación, sempre seguindo os informes técnicos, a proposta de adjudicación quedou na empresa Construcciones Vale, SL, obtendo a máxima puntuación, 100 puntos de 100. Unha oferta de 683.252,19 €, IVE incluído, é dicir, unha rebaixa de 173.597,82 €, que nós consultaremos e intentaremos que se poida reinvestir na propia obra facendo máis metros de saneamento e que collan a cantas máis casas mellor, e nos ofrecen unha garantía de 4 anos. A garantía xa está depositada e agora traemos a aprobación a Pleno este expediente de contratación para posteriormente publicalo, se sae aprobado, a adjudicación hai que publicala no perfil do contratante e formalización do contrato e posterior publicación de novo e se todo vai ben nas próximas semanas por fin poderemos arrancar co saneamento de Entenza.

Sr. Rodríguez Davila: Antes de comezar con este punto quería recoñecerlle publicamente ao señor Xurxo que volva a ser el mesmo. Demostrouno hai unhas semanas e hoxe volveuno demostrar co seu voto, señor Xurxo. Xa o coñecían en Entenza pero agora xa Salceda o empeza a coñecer máis.

Desde este grupo maioritario da Corporación dicimos si ao saneamento de Entenza, pero dicimos si ao saneamento de Entenza de toda a parroquia, e dicimos non a este proxecto tal e como está redactado. Si á maioría deste proxecto pero non a todo o proxecto tal e como está



redactado finalmente, insisto, si á maioría deste proxecto pero non a todo o proxecto tal e como está redactado finalmente, porque non recolle ningunha das nosas propostas de mellora que darían máis servizos a máis vivendas, simplemente facendo máis eficaz e eficiente o dito proxecto. Unha vez máis, o sectarismo dun goberno minoritario impide deixar claro no propio proxecto por onde e a quen vai beneficiar unha inversión tan importante de saneamento que vai pagar na súa totalidade a Deputación de Pontevedra. No mes de novembro presentamos un documento en Pleno de melloras para este proxecto, pero ningunha delas foi atendida por parte do Goberno minoritario. Proxecto ineficiente, como dicía, en canto a metros de balde por non recoller ningunha soa vivenda neses metros executados. Proxecto moi mellorable no seu percorrido. Proxecto que atende a unha soa vivenda, por exemplo, con metros e metros de saneamento e deixa atrás máis de dez vivendas pegadas a un dos colectores xa existente. Casualidade, verdade? Proxecto que dá voltas e curvas para chegar a un grupo de vivendas, cando se podería aforrar eses metros chegando igualmente a esas vivendas a través doutro ramal xa contemplado neste proxecto. É dicir, un proxecto mellorable en canto a metros, vivendas recollidas e atendidas. Non sabemos onde van executar esas posibles melloras das que se fala, no propio prego de contratación xa advertimos que vostedes deixaban á súa decisión eses posibles aumentos sen ningún tipo de criterio e valoración, é dicir, sen transparencia e sen luz para todos e cada un dos veciños de Entenza e desta Corporación e dos salcedenses en xeral. Por iso, o noso grupo non apoiou eses pregos de contratación, onde vostedes decidiran á súa, a quen si e a quen non lle van facer o saneamento con esas posibles melloras, é dicir, posibles cacicadas ad hoc, para entendernos, a dedo, a ti si, a ti non. Asignación inicial á empresa adxudicataria con baixa temeraria, é dicir, indo por baixo do propio custe da obra a realizar dando lugar a posibles aumentos de custes durante a propia obra. O tempo nolo dirá como moitas outras obras que vostedes adxudicaron. Para entendernos ben, hai moitas posibilidades de que aparezan facturas a posteriori da execución e finalización da construción da dita obra, é dicir, aumentos do importe inicial que de por si un xa pode case dar por feito que non se vai a axustar ao mesmo. Non somos adiviños, loxicamente, pero por desgraza xa nos teñen acostumados a este xogo moi prexudicial á transparencia e ao interese xeral dos salcedenses. Por iso remato a miña intervención como empecei, si ao saneamento de Entenza, si ao saneamento de toda a parroquia de Entenza e non a este proxecto na súa totalidade, pero, loxicamente, si ao saneamento de Entenza.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Primeiro, non é saneamento de Entenza, é saneamento dunha parte, quedan partes da parroquia ás que non lle chega o saneamento, xa se falou nas distintas comisións que é mellorable, que quedan zonas ás que se pode chegar; pero entendemos que é un avance.

Sr. Guerra García: Polo que escoitei na Comisión, as posibles melloras quedaban pendentes de discutir coa empresa sobre o terreo. A priori non teño porque pensar que iso vai dar a un xogo de intereses en que se decida desde o goberno local a onde chegar e a onde non chegar no que non consta no proxecto orixinal. Non temos por que pensar iso. En todo caso, se así é seguramente teremos ocasións, se se dá esa situación, de volver a falar aquí neste Pleno. É certo que non é o saneamento de Entenza, Entenza ten bastante máis que 115-120 vivendas que nun principio cobre este proxecto, agora, hai que recoñecer que é un paso importante no saneamento dunha parroquia que ata agora practicamente era inexistente. De aí que non teñamos problema ningún, nin dúbida ningunha en que imos apoiar esta proposta.

Sr. Troncoso Estévez: Agradecer a Tano, en todo caso, que traia un pouco de sensatez aquí. Desde logo con 875.000 € xa nos gustaría a nós poder sanear toda parroquia, pero por desgraza non é. Temos un proxecto de saneamento integral da parroquia, traballamos xa desde hai bastantes meses, incluso anos, niso pero é certo que con este financiamento que conseguimos, e despois de tanto loitalo, é certo que tivemos que adaptar ese proxecto a esta cantidade que tiñamos, sempre con criterios técnicos, aquí nós non vamos por interese particular nin persoal nin político... Creo que nese sentido somos bastante transparentes e nese sentido nós sempre nos guiamos no que nos digan os técnicos. Hai unha dirección de obra, hai unha enxeñeira que ela é, baixo os seus criterios totalmente técnicos e experiencia no sector, a que nos di que coa menor inversión intentar enganchar máis casas posibles, eses son sempre os cálculos nos que nos movemos. Non sei, Santiago, por que nos dis que queres saber que casas vamos a enganchar. Dígame vostede que casa quere que enganchemos, hai algunha casa que quere que enganchemos en particular? Nós vamos sempre seguir por criterios técnicos, puramente técnicos. O que nos diga a dirección de obra que é mellor executar por aquí ou por alí porque é máis rendible ou é máis eficiente, pois así o faremos e será así; e se vós pensades que non é así, por suposto que estades en todo o voso dereito a denunciálo, a criticarnos ou ao que queirades. Creo que, neste sentido, somos bastante transparentes e intentamos sempre traballar no beneficio dos veciños e veciñas.

Sr. Rodríguez Davila: Empezo como rematei, si ao saneamento de Entenza. Iso non quere dicir que un nun Pleno publicamente repita o que dixemos con antelación respecto a este proxecto. É clarísimo. Nós presentamos melloras do proxecto. Estamos no certo ao cen por cen? Seguramente non. Pero en nada? Por favor. Aí é onde se mira a vontade de intentar mellorar un proxecto, cando un presenta alternativas pero viables, ao mellor non ao cen por cen, pero ao 80 %? Ao 70 %? ao 50 %. Pero en nada? En serio? Estame dicindo vostede que non é posible facer o ramal das casas que quedan fóra no lugar da Feira? Que non é posible modificar o ramal no Barreiro, que accede aos chalés, indo polo outro ramal? Que non é posible recoller as casas da Carrilla que quedan fóra indo por outro lado ou aumentando todo ese ramal? Pero, en serio? E iso significa que este grupo está en contra do saneamento de Entenza?

Este grupo está a favor de mellorar o proxecto, por iso o dixemos publicamente hai moitos meses, pero vostedes como sempre non aceptan ningunha proposta porque non aceptan que os demais lles deamos propostas de mellora e niso é onde demostran vostedes o sectarismo de que non que recollan ningunha proposta de mellora. Se non é bo para este grupo, señor Concelleiro señora Alcadesa, senón que é bo para os veciños de Entenza, co mesmo diñeiro se farían moitas máis vivendas e moitos máis servizos e por iso llelo dixemos publicamente, llelo reiteramos e lles dixemos que quedara recollido no proxecto e vostedes non fixeron caso e por iso lles digo que vostedes van a decidir libremente sen ningún tipo de criterio nin valoración técnica, porque non está recollido en ningún documento público, en ningún, salvo que vostedes dialoguen e falen coa empresa, en ningún onde nos poidamos amparar e valorar que vostedes van a decidir por onde, que modificacións de ramais ou de novos ramais van facer en función de que, e vamos a ver o dos aumentos da obra, vamos a velo. Polo tanto, está ben claro o noso posicionamento, estivo claro na aprobación deste proxecto, estivo claro na proposta de mellora, está clarísimo no que votamos no prego de condicións e está clarísimo na miña intervención no día de hoxe. Si ao saneamento de Entenza, a pesar deste proxecto que podía ser moi mellorado.



Sr. Gregorio Vaqueiro: Simplemente intentar facer as melloras posibles durante a execución e lembrar que este grupo presentou hai tempo unha moción para que fondos da Confederación Hidrográfica destinados supostamente a sendas de Entenza se dedicaran a facer uns tramos máis en zonas da parroquia que quedan fóra deste proxecto e, por suposto, adiante co saneamento.

Sra. Alcaldesa: Non vou pasar por alto algunhas das cousas que dixo o portavoz do PP. Primeiro o tan traído e manido *sonsonete* de que son fondos da Deputación como se o Concello non pintase absolutamente nada. Eu quero lembrarlle ao portavoz do PP que os fondos da Deputación son diñeiro de todos e de todas vós. É que parece que o fai, agora como é a Deputación do PP, parece que o fai todo a Deputación do PP. Non, este Goberno é quen decide o que sen fai con eses fondos que son dos vosos impostos, porque si, ademais, sempre se molesta en anunciálo con antelación para ver se a veciñanza lle compra que o logro é do PP. Non é así, o logro é dos veciños e veciñas que son quen contribúen ás arcas para que estes proxectos se leven adiante. É máis, un proxecto, este Plan Extra, que o PP quería dedicar á construción dun pavillón cando nós tiñamos claro que a prioridade era o saneamento de Entenza. Tampouco vou deixar pasar por alto o que acaba de dicir, pensa que o ladrón todos son da súa condición, e que non vamos a acometer esas melloras, que vamos a caciquear, iso están acostumados outros, con treitos e con persoas para garantirlle ou non o saneamento. Os nosos criterios son técnicos e nos sentaremos a valoralos cos partidos que nos deron a Alcaldía e decidiremos criterios políticos e técnicos para levar para adiante eses 450 m de saneamento que ían nas melloras mais o reinvestimento, se é posible (eu, é que non son técnica, non son enxeñeira, non podo dicilo) deses 173.597,82 €. Con eses criterios técnicos e coa decisión política dos tres partidos que decidiron que eu fora alcaldesa tomaremos as decisións que sexan máis acaídas para Entenza. Dito isto, sabe vostede o que é prexudicial para Salceda e, sobre todo para Entenza? Que a Xunta de Galicia devolva fondos Europeos cos que si se poderían acometer a totalidade do proxecto de saneamento de Entenza e de Soutelo. Iso si que é prexudicial. Debería defender máis ese consello que lle deu antes a Óscar, debería defender máis os intereses da veciñanza e non tanto os do seu partido. Estamos de noraboa porque unha obra tan desexada, tan necesaria e que este goberno mais o PSOE e BNG tiñan prioritario, que era o saneamento, por fin vai ser unha realidade nas vindeiras semanas.

Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Á vista dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
38/2025	Plan + Provincia 2025	Xunta de Goberno da Deputación Provincial	21.03.2025
23972024	Plan Provincia extraordinaria. Plan Extra	Pleno da Deputación Provincial	07.03.2025

Sendo necesaria a realización das obras contempladas no proxecto de obras denominado “Saneamento en Entenza”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Rebeca Ferreiro Núñez, asinado en data 11.11.2024, ascendendo o total do orzamento de contrata a 856.850,01 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 148.709,51 € e o presuposto sen IVE a 708.140,50 €.



Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Obra de "Saneamento en Entenza"				
Procedemento: Simplificado	Aberto	Tramitación: Ordinaria		Tipo de contrato: Obras
Clasificación 45232410-9	CPV: Non	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 708.140,50€	Impostos: 148.709,51€		Total: 856.850,01€	
Valor estimado do contrato: 708.140,50€	Impostos: 148.709,51€		Total: 856.850,01€	
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: Si		Garantía complementaria: Non	

Á vista do expediente de licitación tramitado:

Documento	Data/Núm.
Acordo de aprobación de expediente	24.04.2025
Anuncio de licitación	30.04.2025
Resolución de corrección de erro nos PCAP 2025-0596	14.05.2025
Apertura pola Mesa de Contratación do Anexos I	04.06.2025
Apertura pola Mesa de Contratación do Anexos II	09.06.2025
Informe técnico de valoración de ofertas núm. 2025-157	19.06.2025
Requirimento aos licitadores incurso en presunción de anormalidade	20.06.2025
Presentación xustificación das ofertas (rex. Núm. 2025-E-RE-1555 e 2025-E-RE-1598)	27.06.2025 02.07.2025
Informe técnico valoración da xustificación núm. 2025-0191	23.07.2025
Proposta de adxudicación da Mesa de Contratación	23.07.2025
Requirimento ao licitador coa oferta máis vantaxosa	23.07.2025
Presentación de aval	11.06.2025
Informe de Tesourería 2025-0170	16.06.2025

Visto o Informe técnico núm. 2025-0191 de valoración da xustificación das ofertas incurso en presunción de anormalidade, que conclúe o seguinte:

"Polo que, desde o punto de vista técnico e tendo en conta os puntos principais estipulados no PCAP, a baixa temeraria da empresa ASFALTOS GALAICOS, SL non debe ser aceptada tendo en conta a documentación presentada na xustificación, posto que non queda garantida a solvencia da empresa para cumprir co obxecto do contrato de maneira adecuada. Nestes casos é importante ter en conta a calidade e a capacidade técnica da empresa, así como os seus

antecedentes e experiencias previas en proxectos similares, para asegurar o éxito e a correcta finalización das obras, cousa que non queda acreditada na documentación presentada.”

(...)

Polo anteriormente exposto, consideraríase como oferta técnica máis vantaxosa a presentada pola empresa CONSTRUCCIONES VALE, SL cunha valoración final de 100 puntos.”

Examinada a documentación que a acompaña e vista a proposta da mesa de contratación que conclúe o seguinte:

“En consecuencia, a Mesa propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra de “Saneamento en Entenza” a CONSTRUCCIONES VALE S.L. con CIF núm. B36024933, que ofertou un prezo con IVE de 683.252,19 € euros e un prazo de garantía de 4 anos a maiores do ano establecido preceptivamente, obtendo un total de 100 puntos sobre 100.”

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato das obras contempladas no proxecto denominado “Saneamento en Entenza” nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a CONSTRUCCIONES VALE SL con CIF núm. B36024933 inscrita no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia co núm. 2318, por un prezo de 564.671,23 €, mais 118.580,96 € de IVE, facendo un total de 683.252,19 €.

SEGUNDO. Son características e vantaxes determinantes de que sexa seleccionada a oferta presentada polos citados adxudicatarios con preferencia ás presentadas polos restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas, as seguintes:

PREZO (CON IVE)	MELLORAS	GARANTÍA
683.252,19 €	Mellora núm. 1 e única	4 anos (+1 obrigatorio)

TERCEIRO. Dispor o gasto correspondente en caso de conformidade do informe de fiscalización emitido pola Intervención.

CUARTO. Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría para os efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de adxudicación no perfil de contratante no prazo de 15 días.

SEXTO. Notificar a presente resolución á empresa adxudicataria, indicándolle que a formalización do contrato se efectuará mediante a aceptación da resolución de adxudicación de forma electrónica nos termos establecidos na cláusula 22.1 do PCAP.

SÉTIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil do contratante nun prazo non



superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público.

OITAVO. Comunicar ao Rexistro de contratos do sector público os datos básicos do contrato, incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co detalle correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar o contrato das obras contempladas no proxecto denominado “Saneamento en Entenza” nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a CONSTRUCCIONES VALE SL con CIF núm. B36024933 inscrita no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia co núm. 2318, por un prezo de 564.671,23 €, mais 118.580,96 € de IVE, facendo un total de 683.252,19 €.

SEGUNDO. Son características e vantaxes determinantes de que sexa seleccionada a oferta presentada polos citados adxudicatarios con preferencia ás presentadas polos restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas, as seguintes:

PREZO (CON IVE)	MELLORAS	GARANTÍA
683.252,19 €	Mellora núm. 1 e única	4 anos (+1 obrigatorio)

TERCEIRO. Dispor o gasto correspondente en caso de conformidade do informe de fiscalización emitido pola Intervención.

CUARTO. Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría para os efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante nun prazo de 15 días.

SEXTO. Notificar a presente resolución á empresa adxudicataria, indicándolle que a formalización do contrato se efectuará mediante a aceptación da resolución de adxudicación de forma electrónica nos termos establecidos na cláusula 22.1 do PCAP.

SÉTIMO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante nun prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público.

OITAVO. Comunicar ao Rexistro de contratos do sector público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co detalle correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.”



Expediente 989/2025. Ratificación do apartado 1º da Resolución 2025-0918 de aprobación de proxecto de execución cambio de pavimento e ascensor montacargas na praza de abastos	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Sra. Alcaldesa dá conta do Decreto número 2025-0918, seguinte:

“Visto que por acordo plenario de data 24.04.2025 aprobouse o proxecto de obras denominado “Memoria valorada de ejecución cambio de pavimento y ascensor montacargas en la plaza de abastos de Salceda de Caselas” redactado por Carlos Álvarez Ávila, asinado o 11.03.2024, cun orzamento base de licitación de 226.896,30 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 39.378,70 € e o presuposto sen IVE a 187.517,60 €.

Visto que en data 18.06.2025 (Rex. Núm. 2025-E-RE-1474) presentouse por Carlos Álvarez Ávila unha nova versión do proxecto, que engade novos documentos técnicos sen modificar substancialmente o proxecto aprobado o 24.04.2025, coa denominación “Proyecto de ejecución de cambio de pavimento y ascensor montacargas en la plaza de abastos de Salceda de Caselas” asinado en xuño de 2025.

Visto o informe técnico núm. 2025-0188 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0013 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cómpren os requisitos esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación coa Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Proyecto de ejecución de cambio de pavimento y ascensor montacargas en la plaza de abastos de Salceda de Caselas” redactado por Carlos Álvarez Ávila, asinado en xuño de 2025, cun orzamento base de licitación de 226.896,30 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 39.378,70 € e o presuposto sen IVE a 187.517,60 €.

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.”



Sra. González Luis: Neste punto vimos a ratificar o primeiro apartado da Resolución 2025-0918 onde se aprobaba o proxecto de execución de cambio de pavimento e ascensor montacargas na praza de abastos. O 24 de abril de este ano aprobamos nesta Corporación o proxecto de obra denominado “Memoria valorada de execución de cambio de pavimento e ascensor na praza de abastos”, un proxecto que ascendía a un orzamento base de licitación de 226.896,30 €. Tras ir avanzado en que o cambio do chan da praza de abastos e a instalación do montacargas deixe de ser parte de papel e se converta nunha realidade, Carlos Álvarez, que foi o arquitecto redactor deste proxecto, foi engadindo unha serie de documentos que a pesar de que manteñen os mesmos traballos a realizar, as medidas, as accións e os importes económicos da memoria que xa se aprobou; si que achegan datos técnicos que dan maior concreción, facendo viable a execución das obras. Desde aquí, agradecer unha vez máis o seu traballo e a profesionalidade para axilizar os tempos ao máximo para que poidamos cumprir cos prazos que esta subvención marca, que son bastantes axustados. Conta con informes técnicos favorables e é un proxecto que respecta por completo todo o que esta Corporación acordou coa aprobación da súa memoria o 24 de abril.

Sr. Rodríguez Davila: É curioso, señora Alcaldesa, para algunhas cousas, os grupos que a fixeron alcaldesa e, para outras, o PP é quen ten que sacar as castañas do lume. Xa sabe vostede que para iso non estamos nós. Nós estamos para outras cousas, para votar a favor do interese xeral, para defender o que dixemos publicamente avalado nas urnas polos salcedenses e sobre todo para defender o interese xeral, cousa que vostede en función de que situacións se atope, verdade?; se dirixe a unha bancada ou a outra. Por iso discrimina a este grupo para mellorar o proxecto, aínda que presentamos por escrito o saneamento de Entenza, como dixen publicamente, pero non obstante quería que o PP aprobara as facturas que a alcaldesa contratou sen o aval dos seus grupos que a fixeron alcaldesa. Pero *bueno* vostede mesma se retrata en cada pleno. O PP non cambio de voto, señor Alejandro e señores de Movemento Salceda, non como outros que dun día para outro cambian o voto en función do seu interese particular ou a saber de que intereses. Nós non. Nós votamos a favor deste proxecto, presentamos as melloras dese proxecto e dixémolo en Pleno e o manifestamos hoxe, e votamos a favor do proxecto. E, polo tanto, non sei porque se sorprenden vostedes, o sorprendente son as súas decisións e as de outros.

En canto á praza de abastos, isto é exactamente o mesmo ou parecido ao proxecto de saneamento de Entenza, ás reformas dalgún proxecto de rúas que vostedes aprobaron recentemente etc. Cando un fai propostas de mellora, discrepa co proxecto, pero acábao apoiando porque é o que vostedes traen a Pleno e polo tanto, defendendo o interese xeral de mellorar o que existe, votamos a favor. Pero insisto, non quere dicir que discrepemos do proxecto en si. Pois isto da praza de abastos é exactamente o mesmo. Canto diñeiro vamos a acabar investindo nestas reformas que levamos feito neste últimos 12-15 anos na praza de abastos? Hai moitos anos eu xa dixen que había que facer un gran proxecto completo do edificio en si e non ir aos remendos e aos anacos e facendo proxectos en función das convocatorias que haxa ou das ocorrencias do momento de certas persoas, e así o que estamos facendo é ir parcheando e mellorando a praza aos poucos sen ter un proxecto definido desde o inicio e facelo por fases. E poño un claro exemplo, o proxecto que fixeron recentemente no concello veciño de Tui, iso é un proxecto completo de reforma da praza de abastos. Claro, se o formulamos a curto prazo vamos investindo 200.000 €, 300.000 € e vamos empatando anacos e proxectos de mellora e ao final o resultado é o que é. Que a praza de abastos mellorou nos



últimos anos? Por suposto, co voto de toda a Corporación municipal. Que o proxecto que necesitaba a praza de abastos é este? Ao noso entender, non. Nós faríamos outro proxecto completamente diferente, pero o Goberno trae a Pleno e somete a Pleno estes proxectos e un non ten outra alternativa que discrepar con eles publicamente e loxicamente dar o respaldo para que siga mellorando esa praza de bastos, que é o que vai a pasar no día de hoxe. Por suposto que estamos de acordo en mellorar o chan desa praza de abastos, por suposto, e por suposto que estamos a favor de dotala dese montacargas que comunique a planta baixa, o soto, coa primeira planta. Hai moitos anos fixemos tamén unha proposta de cambiar radicalmente o uso dese soto desa praza de abastos, hai máis 12-15 anos que o fixemos, nada se ten feito ao respecto e segue tal como está. Alá vostedes, nós seguiremos votando a favor do interese xeral a pesar de que non sería o proxecto que a nós nos gustaría facer completamente desa praza de abastos. E non é unha obra faraónica, dun día para outro, é simplemente ver a necesidade real de facer un proxecto completo, insisto, de todo o edificio (planta baixa, planta superior etc.), e ir facendo por fases segundo se poida facer. E así, en 10-15 anos un terminaría de facer un proxecto completo e tería unha praza de abastos de primeira calidade. Polo tanto, dito isto, o noso voto vai ser favorable.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Entendendo que é complementario ás obras que se levan facendo, pouco máis que dicir, xa está debatido en Comisión.

Sr. Guerra García: O que se nos trae aquí non defire do que se nos presentou hai dous/tres meses aproximadamente. As necesidades ninguén as nega. Non vou falar do pasado porque non temos información nin documentación, pero, en todo caso, se a necesidade existe e isto se atén ao que aprobamos hai dous ou tres plenos atrás, desde logo non vamos a poñer ningunha obxección.

Sra. González Luis: Por concretar e aclarar, unha vez máis, as incongruencias que di o PP, recordarlle, unha vez máis como xa fixen no pleno anterior, que xa existe un proxecto completo para a praza de abastos. O que se está facendo é executar ese proxecto por fases, garantindo as diferentes subvencións que van saíndo e as que imos cumprindo. E recordarlle que grazas a que temos un proxecto completo para a praza de abastos permitiu que en 11 días puidésemos presentarnos a unha subvención de concorrencia non competitiva. É dicir, os fantásticos criterios que a Xunta de Galicia saca para que gañen as subvencións os que sexan máis rápidos e non os que sexan mellores. Non pasa nada, colleunos unha vez máis cos deberes feitos, cun proxecto da nosa praza de abastos completo que vamos facendo por fases, fases que son consensuadas cos praceiros e coas praceiras tendo en conta as súas demandas, tendo en conta as súas necesidades. Evidentemente sería fantástico poder facer unha obra grande e que cumprise todas as súas necesidades, pero facemos o que podemos tendo en conta os criterios que a Xunta de Galicia, neste caso, nos impuxo. Creo que bastante ben feitos porque 11 días, xa llo dixen no pleno anterior, recórdollo, que son bastante poucos. E falando da praza de abastos de Tui, evidentemente non podemos negar que é unha obra marabillosa e ben bonita pero tamén o animo a vostede a que fale cos praceiros e coas praceiras da nosa praza de abastos e que valoren realmente a funcionalidade do mercado e dos resultados económicos para ver en que aspectos se pode mellorar ou non. E tamén, grazas a esta subvención que recibimos que nos permitirá facer estas obras, poderemos seguir estudando, analizando os diferentes factores para que traballemos en futuro e que poidamos seguir mellorando o

comercio e que a praza de abastos sexa un elemento vertebrador do comercio do noso concello.

Sr. Rodríguez Davila: Vese na súa intervención que unha vez molesta que digamos que é mellorable, non sei que problema hai en dicilo. O proxecto está firmado en xuño deste ano 25 polo arquitecto. Alá vostedes, podemos ter un proxecto aí, pero resulta que está firmado polo señor Arquitecto en xuño deste ano 25. Iso quere dicir que se mellorou? Xa o dixen antes. Claro que se mellorou a praza de abastos, co voto deste grupo tamén señora Concelleira, pero iso non significa que as cousas se puideron facer mellor, é dicir, nos discrepamos coa bancada que se executou, vostede tense fixado na bancada de *inox* que está, viu o remate de esa bancada? E parécelle estupendo? Perfecto. Vostede está de acordo coa altura que se lle deu ao teito sen deixar entrada natural de luz, podendo deixar moito máis alto o teito, o color do teito etc.?. Pois *bueno*, pois son discrepancias e non pasa nada. E iso quere dicir que un estea en contra de mellorar a praza de abastos? Non, simplemente está en desacordo co proxecto en si, pero non pasa nada. Nós se estivésemos en desacordo en todos os aspectos votaríamos en contra e, non obstante, estamos apoiando cada vez que vén un proxecto de interese xeral, independentemente de que non esteamos de acordo co proxecto en si. Quedoulles claro? Nós non faríamos ese proxecto, pero é un proxecto que o Goberno trouxo a este Pleno, é o que hai, lamentablemente.

Sra. González Luis: Non me molesta que digan que as cousas son mellorables, de feito gústame que traían propostas; pero gustaríame que as propostas fosen propostas e non críticas, porque criticar a bancada de aceiro inoxidable que non quedou ben rematada ou que altura do teito non é a adecuada, a touro pasado é moi fácil. Eu da miña casa tamén podo criticar moitas cousas que non me gustan, porque unha casa despois de feita se se fai outra vez seguro que se fai completamente diferente. O que me molesta non son as aportacións nin as críticas construtivas. A min gústame porque me gusta aprender e non teño ningún problema en recoñecer os erros, o que me molesta é que vostede diga que vamos improvisando e que non temos un proxecto ou unha liña de traballo fixada. Cando é mentira, cando hai un proxecto base, que o que se fai é dividir por tramos para conseguir financiamento. Iso é o que me molesta, non que vostede faga todas as aportacións que creo que é para o que está, para aportar e para intentar mellorar Salceda.

Sra. Alcaldesa: A min vai a permitir, Santi arquitecto, Santi enxeñeiro, Santi de todo. Xa llo aclarou a concelleira, é un proxecto único con tres fases. Eu entendo que se vostede fai un orzamento hai un ano os prezos cambian, non? E que sobre ese orzamento que xa está fixado para un evento pode cuantificalo hai un ano nunha contía e logo hai que reformulalo, que é o que facemos nós cos proxectos, reformulalos con base a un proxecto único. Nós temos clara a estratexia, pero sabe o mellor da estratexia, é que vamos da man sempre coas necesidades dos praceiros e das praceiras, sempre. Non xogamos a ser arquitectas nin a ser enxeñeiras, vamos da man das súas necesidades e confiamos sempre nos equipos técnicos. Si, hai modelos, creo o falamos aquí cando presentamos esa memoria valorada para a subvención do proxecto, hai proxectos de prazas de abastos que apostan por espazos polivalentes, multidisciplinares onde ademais de praza de abastos son moito máis, son un espazo de ocio... A nosa aposta é outra, cremos no emprendemento, no emprendemento da xente nova, na aposta polo rural, no produto de quilometro 0, en abastecer a nosa vila con produto de quilometro 0. Si, é outro modelo, é o noso, avalado ademais polo uso e polos resultados



económicos e polas exixencias dos nosos praceiros e praceiras. E, Tano, si que ás veces hai que mirar ao pasado, porque igual non teriamos tantos problemas se ninguén se ocupara de tirar a praza de abastos que existía aquí, igual ese edificio si quedaba para proxectos doutro tipo. Así que, de vez en cando, si que hai que mirar atrás, ser críticos, ser exixentes e ver no que converteron a praza de abastos e o que é, seguramente con moitos erros que temos, moitas cousas que mudaríamos ao igual que eu mudaría agora mesmo da miña casa; pero transformamos da man dos praceiros e praceiras esa praza de abastos e esta é unha moi boa nova que a Xunta de Galicia nos concedera esta subvención para acadar así a terceira fase da praza de abastos e concluír, por fin, que seguro que quedan outras moitas cousas que facer, pero polo menos ese proxecto vertebrador que tan bos resultados deu para a nosa praza de abastos.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte

RATIFICAR o apartado 1º da Resolución núm. 2025-0918 que literalmente di:

PRIMEIRO. Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “Proyecto de ejecución de cambio de pavimento y ascensor montacargas en la plaza de abastos de Salceda de Caselas” redactado por Carlos Álvarez Ávila, asinado en xuño de 2025, cun orzamento base de licitación de 226.896,30 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 39.378,70 € e o presuposto sen IVE a 187.517,60 €.

Expediente 989/2025. Elevación de porcentaxes de gasto plurianual no expediente de contratación da obra de “Execución cambio de pavimento e ascensor montacargas na praza de abastos”.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. González Luis: Neste apartado vimos a dar conta dos cambios na distribución económica do gasto entre 2025 e 2026. Esta subvención é unha subvención de carácter bianual, o que implica que temos que dividir as obras, a inversión que vamos a facer entre 2025 e 2026. Cando nun principio se solicitou esta subvención se considerou que o mellor sería comezar polo chan do mercado, xa que é unha gran demanda que teñen os praceiros e praceiras, creo que é evidente á vista de todos os que mercamos alí, e xa no 2026 colocar o montacargas. Tras coñecer os prazos, tras reunirmos co persoal técnico, coas praceiras e cos praceiros, tras organizar os tempos e garantir a viabilidade técnica e económica desta proposta, para garantir que poidamos manter a subvención, determinamos que o máis sensato era darlle a volta e, polo tanto, que neste 2025 se colocase o montacargas e que no 2026 se cambiase o chan. Un dos aspectos para ter en conta para tomar esta decisión foi prexudicar o menos posible o traballo dos praceiros e praceiras, xa que a maiores de todas as peixeiras que veñen aquí e nos visitan o mércores, o día grande da nosa praza, e que dá gusto ver como se mantén esa tradición en Salceda de baixar o mércores, de comprar o peixe, a carne, a froita, comer o polbo, tomar os callos..., a maiores deses días a nosa praza paga once nóminas, a once persoas



traballadoras que durante o seu día a día desenvolven alí o seu traballo. Tívoise en conta o seu criterio para que cando se cambie o chan se faga nos meses de menos traballo do 2026, xa que vai a ser difícil poder ter a praza aberta cando se faga a obra, e o acordo entre todos e todas foi elixir os tempos un pouquiño máis débiles de traballo para aproveitar e facer esa obra. Repito as miñas palabras do pleno do 24 de abril en canto aos importes: solicítase unha subvención de 123.059,20 € para o ano 2025 e 122.677,10 € para o ano 2026 falando de un total de 245.736,30 € e quero deixar claro que estes importes contemplan, como así se indicou no dito pleno, por un lado, a obra da que estamos falando hoxe aquí, o montacargas e o cambio de pavimento; así como tamén a elaboración dun diagnóstico estratéxico de mercado da praza de abastos, un proxecto orientado á obtención de Selo de Mercado de Excelencia, un proxecto, como lle dicía a Santi, para que a xente que traballa nas consultoras que se dedican á análise social, á análise comercial, á análise sociolóxica, á arquitectura... poidan analizar o noso tecido comercial, poidan escoitar as veciñas os veciños, os praceiros, as praceiras, para descubrir os puntos fortes do noso comercio e tamén os puntos débiles. Así que, será posible que as veciñas que nos están escoitando desde a casa e vós aquí, vos crucedes con alguén que vos pregunte sobre o noso comercio, sobre a praza, que vos gusta, que non vos gusta, que cambiariades porque formaredes parte dese estudo de mercado de análise. Este proxecto supón 14.000 € xa incluídos na cifra total subvencionada, sendo polo tanto 226.896,30 € para o pavimento e montacargas, 14.000 € para o estudo e diagnose do noso mercado, 4.840 € para a dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde e sendo todo este diñeiro financiado nun 80 % pola Xunta de Galicia e nun 20 % polo Concello.

Unha vez aclaro isto, neste punto propónse o seguinte cambio na porcentaxe de gasto bianual, nun principio estaba destinado 106.639,20 € para o 2026 co montacargas e dámoslle a volta, esa será a cifra que se gastará este ano pasando a ser un importe maior no 2026 de 120.257,10 € no cambio do chan.

Sr. Núñez Troncoso: Nós na Comisión informativa fixemos mención a que se nos aclarara, porque aquí na resolución da Xunta o montante total da subvención son 196.000 € e, non obstante, o importe que vén consignado no contrato, nas características do contrato, figura 181.000 €. Entón non se nos aclarou de onde sae esa diferenza? Acaba de dicir a concelleira de área, algo que nos chama a atención, non obstante, na Comisión a alcaldesa recoñecía que a obra había que xustificala antes do 14 de novembro tal como se interpreta, polo menos nós interpretámolo así, como vén na resolución da concesión da subvención. Porén, acábasenos de dicir vencelo, a obra, en dúas anualidades, nós entendemos que hai que rematala e xustificala antes do 14 de novembro deste ano. De aí tamén o informe de Intervención que creo que tamén vai nesa liña, que fai mención ao prazo de execución de contrato de seis meses e atopámonos no mes de xullo. Menciona. Eu entendo que vai nesa liña, ou aquí hai unha interpretación vese que distinta, entón a ver se nos podedes aclarar isto. Nos vamos a estar a favor deste punto.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Este punto ten relación co anterior, quitando as dúbidas sobre a xustificación da obra que si se comentaron na Comisión, o resto, este punto vai enlazado co anterior polo tanto se estabamos a favor da reforma, evidentemente estaremos a favor do punto este.

Sr. Guerra García: Despois de todo o dito, o que queda por dicir é que é un aspecto técnico o

que trae aquí, polo tema de dividir a obra en dous anos e, fóra das obxeccións que se expuxeron, non hai outra causa de debate.

Sra. González Luis: Por aclarar as cifras, volvo a repetilas, colocación de pavimento e montacargas 226.896,30 €, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde: 4.840 €; estudo de diagnóstico: 14.000 €. Un total de 245.736,30 €, do cal o 80 % son 196.589,04 € co 20 % do IVA 49.147,26 €, o 80 % financiado pola Xunta e o 20 % financiado polo Concello.

Sra. Alcaldesa: Dando resposta a outras das preguntas que fixo, a xustificación da primeira anualidade é o 31 de novembro de 2025, segue sendo un período moi curto, efectivamente, pero é que a Xunta saca as subvencións cunha marxe de tempo curtísima, que para executar, menos mal que adoitan dar prorrogas na maioría das obras, pero o certo é que é moi difícil chegar a elas se non está o traballo feito. Xustificación da primeira anualidade 31 de novembro de 2025.

Sr. Núñez Troncoso: Seguimos sen aclarar eses datos, estamos de acordo coa concepción de que o importe da subvención son 196.000 €, pero, repito, o que se recolle no contrato, que a subvención concedida son 181.500 € e a diferenza non é o IVA. Tal e como está a resolución, se a señora Secretaria tamén o interpreta así, estupendo, pero nós, tal como está a resolución da Xunta, hai que xustificar a obra antes do 14 e novembro. Ao mellor estamos coa interpretación errónea, pode ser, por iso tiñamos esa dúbida. Despois, señora Alcaldesa, di vostede que a Xunta saca subvencións tarde, chegoulle a resolución da Xunta porque o proxecto xa o tiñan feito porque o presentaron para pedir a subvención loxicamente. A subvención lla concederon e entrou neste Concello na primeira quincena de abril, case catro meses máis tarde tráela vostede ao Pleno, esa é unha escusa moi barata. Non entrou na primeira quincena de abril? E espero que me aclaren por que esas diferenzas. No documento “Cadro de características do contrato” este está no expediente e aquí pon “régime de financiación prevista: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, 181.517,04 €” é o que pon no expediente e iso foi o que preguntamos.

Sra. Alcaldesa: Iso é do borrador dos pregos e a suma das dúas anualidades.

Sr. Rodríguez Canosa: Aquí pon réxime de financiación prevista e pon evidentemente Consellería de Emprego 181.517,04 € e o Concello 45.379,26 €, iso correspóndese ao 80% que lle corresponde a Xunta de Galicia e o 20 % do Concello. Iso é o 80% da obra do montacargas e como lle di a miña compañeira Selene son 226.896,30 €. A resolución da Xunta é polo 80 % da subvención e é unha subvención que non só inclúe o que se está contratando agora, que o que se está contratando agora é o pavimento e o montacargas, pero á parte está a coordinación de seguridade e saúde, á parte está a dirección de obra e á parte está o estudo de diagnose de mercado que lle dixo a miña compañeira, non intente confundir a veciñanza, Joaquín.

Sra. Alcaldesa: O acordo está supervisado por Secretaría, está conforme, se ten algunha queixa fágao, no departamento de Intervención e será mudado, pero estou segura de que non existe e as explicacións foron dadas.

Pasamos a votación da proposta seguinte:



“Visto que pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedeuse unha subvención para as obras de “Execución de cambio de pavimento e ascensor montacargas na praza de abastos de Salceda de Caselas”, por Resolución do director xeral de Comercio e Consumo de 10.04.2025 por importe de 85.311,36 € para a anualidade 2025 e de 96.205,68 € para o 2026, ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

Visto que se iniciou o expediente de contratación da sinalada obra, contemplando no borrador do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) a execución plurianual da obra nos seguintes termos:

Exercicio	Importe
2025	106.639,20 euros
2026	120.257,10 euros

Visto o informe de Intervención núm. 2025-0164 no que se indica que o contrato que se pretende adjudicar correspóndese cun gasto plurianual que non cumpre cos límites establecidos no artigo 174 do TRLRFL.

Visto que por tratarse dun gasto de carácter plurianual está suxeito a uns límites cuantitativos que determinan que nos de gastos de investimento, o gasto que se impute a exercicios futuros non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial correspondente ao ano no que se adquire o compromiso en firme as seguintes porcentaxes:

- No exercicio inmediato seguinte: 70 %
- No segundo exercicio: 60 %
- No terceiro e cuarto exercicio: 50 %

Visto que pola vía da excepción que establecen os apartados 4 e 5 do artigo 174 TRLFL, desenvolvido polo artigo 83.1 e 84 do RD 500/1990, se permite superar tanto o número de anualidades coma os límites porcentuais mediante acordo do Pleno da corporación.

Considerando o disposto no informe de Intervención núm. 2025-0164

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Elevar o límite para gastos plurianuais do nivel de vinculación xurídica 4/6 para o ano 2026 a 120.257,10 €.

Exercicio	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	Concello	Importe
2025	85.311,36 €	21.327,36	106.639,20 euros



2026	96.205,68 €	24.051,42	120.257,10 eu- ros
------	-------------	-----------	-----------------------

“

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte

ACORDO

Elevar o límite para gastos plurianuais do nivel de vinculación xurídica 4/6 para o ano 2026 a 120.257,10 €.

Exercicio	Consellería de Emprego, Comercio e Emigración	Concello	Importe
2025	85.311,36 €	21.327,36	106.639,20 euros
2026	96.205,68 €	24.051,42	120.257,10 euros

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

